- MULTIUSOS DE CHAPELA : 22.001,49 euros
- MULTIUSOS DE REDONDELA : 36.277,28 euros
- CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE REDONDELA: 19.533,92 euros
- CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE REDONDELA: 4.782,93 euros
- LOCAL DE ENSAIO AVDA. MENDIÑO (LOCAL PARTICIPACIÓ CIDADÁ): 1.889,26 euros
- DEPENDENCIAS DE POLICÍA LOCAL DE REDONDELA: 13.952,80 euros
- OFICINA DE SERVIZOS SOCIAIS E VESTIARIOS DE XARDIÑEIROS DE CHAPELA:12.435,63 euros
- BAÑOS E VESTIARIOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CHAPELA: 9.565,87 euros
- BAÑOS E VESTIARIOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REDONDELA: 9.565,87 euros
- VESTIARIOS E BAÑOS ALMACÉN MUNICIPAL VIAS E OBRAS: 9.565,87 euros
- MERCADO DE ABASTOS DE REDONDELA: 869,62 euros
- MERCADO DE ABASTOS DE CHAPELA : 869,62 euros
- AULA CEMIT DE CHAPELA: 4.723,15 euros
- MUSEO MEIRANDE DE RANDE: 3.348,05 euros
- SEDE PROTECCIÓN CIVIL DE REDONDELA / GRUMIR: 1.913,17 euros
- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA MARISMA: 9.565,87 euros
- PAVILLÓN MUNICIPAL DE REBORDA: 4.782,93 euros
- PAVILLÓN MUNICIPAL DE PORTO CABEIRO: 9.565,87 euros
- EDIFICIO DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO: 4.782,93 euros
- MANTEMENTO RECINTO DO COLEXIO DE TRASMAÑÓ (CEIP): 944,63 euros
- CASSETAS DE USO TEMPORAL: (Oficina de Turismo, casetas de salvamento das praias do Concello, así como baños públicos): 1.430,16 euros
- COMPLEXO DEPORTIVO SANTA MARIÑA: 56.720,00 euros
- INSTALACIÓN, RETIRADA E REPOSICIÓN PERIÓDICA CONTEDORES HIXIÉNICOS SANITARIOS : 780,00 euros

2º) O prezo ofertado para limpeza por metro cadrado para inmobles que se decida incluír no contrato por parte do Concello é, para o primeiro ano do contrato, de 0,12 euros/m2 construído.

3º) Un prezo de 0,17 euros m2/hora para o primeiro ano do contrato e para a

Concello de Redondela



realización de limpeza esporádicas, extraordinarias ou puntuais.

4º) 394 días/ano a máis dos 100 días previstos nos pregos para substituír as dúas traballadoras de limpeza incluídas no cadro de persoal do Concello, aclarando que se calcula que 494 días é o máximo que dúas traballadoras poden ausentarse do traballo (247 días laborables por traballadora) e que o restar a esta cifra os 100 días esixidos no Prego son 394 o máximo número de días que poden substituír ás traballadoras.

5º) Un prezo/día para substituír ás anteriores por riba dos días ofertados no apartado anterior de 67,50 euros/día/traballadora .

6º) Para o caso de incorporación/eliminación de contedores hixiénicos sanitarios un prezo de 2,00 euros por cada contedor.

De seguido, A Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, que se proceda polo interventor municipal á valoración das ofertas segundo os criterios avaliábeis por cifras ou porcentaxes establecidos no apartado 1 da cláusula décima do Prego de cláusulas administrativas que rexen esta licitación. Non obstante, á vista da disparidade observada nalgúñas das cifras ofertadas polas empresas, o interventor municipal e a secretaria xeral accidental do Concello informan aos membros da Mesa de que tras o exame detallado das ofertas case que con seguridade será necesario solicitar aclaracións aos licitadores sobre algúns dos prezos ofertados. Así mesmo tras diversas comprobacións sobre o punto 6ª do modelo de proposición referido ao prezo ofertado para o caso de incorporación/eliminación de contedores hixiénicos sanitarios, confirmase que este punto non é obxecto de valoración ao non incluírse no Prego de cláusulas administrativas particulares fórmula de valoración algunha dada a escasa entidade que ten este apartado no conxunto do contrato.

A Presidencia da por rematado o presente acto, sendo as nove horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Con data do 19 de outubro de 2016, solicitouse por correo electrónico a algunhas das empresas licitadoras as aclaracións das ofertas presentadas necesarias para proceder a súa valoración, concedéndoselle un prazo dun día hábil para presentalas. Con data do 21 de outubro de 2016 tiveron entrada no Rexistro Xeral do Concello as aclaracións ás ofertas realizadas polas catro empresas requiridas, que foron remitidas ao interventor municipal para que realizase a valoración.

Emitido polo interventor municipal, o mesmo día 21 de outubro de 2016, o informe de valoración das ofertas contidas nos Sobres B) *Oferta sobre criterios obxectivos*, o día 24 de outubro de 2016 reúnese a Mesa de Contratación segundo consta na acta da reunión que se transcribe a continuación:

“Constituída a Mesa procédese ao exame do informe de valoración das ofertas presentadas polo licitadores no Sobre B *Oferta sobre criterios obxectivos*, emitido polo interventor municipal, con data do 21 de outubro de 2016, segundo os criterios avaliábeis por cifras ou porcentaxes previstos no apartado 1 da cláusula décima do Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen este procedemento, que

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



transcrito di:

“Asunto: Valoración ofertas do contrato do servizo de servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello.

A) Antecedentes:

- Expediente administrativo.
- Acta de apertura de plicas de data 13 de outubro de 2016.

B) Lexislación aplicable:

- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Redondela para o ano 2016.

C) Consideracións:

Primeira: con data 13 de outubro decidiuse polo órgano de contratación que:
“A Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, que se proceda polo interventor municipal á valoración das ofertas segundo os criterios avaliábeis por cifras ou porcentaxes establecidos no apartado 1 da cláusula décima do Prego de cláusulas administrativas que rexen esta licitación.”

En todo caso, previamente esixiuse a catro dos licitadores que aclarasen aspectos das súas ofertas (esencialmente referidos á existencia de IVE ou non nalgúns puntos das súas ofertas) para poder finalmente proceder á valoración por esta Intervención.

O apartado un da cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares recolle o seguinte:

“1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

a). Mellor oferta económica: ata 50 puntos

1. Mellor oferta económica: de 0 a 50 puntos.

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula:

$$P = 50 \times (PMR / PO)$$



P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa.

PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada.

En canto ás ofertas que poidan considerarse desproporcionadas ou temerarias, estarase ao disposto no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aprobou o regulamento da Lei de Contratos das Administracións públicas.

2. Mellor oferta para incorporación ao contrato da limpeza de edificios ou locais non incluídos no contrato inicial: de 0 a 20 puntos detallados do seguinte xeito:

2.1. Valorarase de 0 a 17,50 puntos a oferta prezo/m² construído a limpar, referido a un período anual, para o caso de novos edificios ou locais que necesitan limpeza ordinaria e continuada e se inclúan ex novo no contrato, nas condicións especificadas no prego de prescricións técnicas.

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 17,50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :

$$P = 17,50 \times (PMR / PO)$$

P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa.

PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada.

2.2. Valorarase de 0 a 2,50 puntos a oferta prezo/m² construído a limpar, referido ó período dunha hora, para o caso de limpeza esporádicas, extraordinarias ou puntuais de edificios ou locais coa seguinte fórmula:

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2,50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :

$$P = 2,5 \times (PMR / PO)$$

P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa.

PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada.

3. Mellor oferta para substitución das dúas traballadoras do Concello.

3.1 Días/ano ofertados por riba dos 100 días previstos nos pregos para cada ano do contrato a partir do comenzo da prestación dos servizos.

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2 puntos á oferta máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :

$$P = 2 \times (O / MO)$$



P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

MO (Mellor oferta): a que oferte máis días/ano por riba do previsto nos pregos.

O (Oferta a considerar): días/ano que oferta por riba do previsto nos pregos a proposición considerada.

3.2 Importe /día de substitución de ditas traballadoras por riba dos días ofertados de acordo co apartado 3.1. anterior : de 0 a 2 puntos.

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :

$$P = 2 \times (PMR / PO)$$

P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

PMR (Prezo mínimo de referencia):ilmporte do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa.

PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada."

De acordo co anterior, a valoración das ofertas son as seguintes:

1. Mellor oferta económica: de 0 a 50 puntos.

OFERTAS	OFERTA CON IVE	BAIXA	%	PUNTUACIÓN
VALORIZA	697.640,00	27.557,58	0,04	50,00
MARODRI	722.648,71	2.548,87	0,00	48,27
SAMYL	707.107,06	18.090,52	0,02	49,33
FARO	710.028,00	15.169,58	0,02	49,13
ALMI	725.197,58	0,00	0,00	48,1

2.1. Valorarase de 0 a 17,50 puntos a oferta prezo/m² construído a limpar, referido a un período anual, para o caso de novos edificios ou locais que necesitan limpeza ordinaria e continuada e se inclúan ex novo no contrato, nas condicións especificadas no prego de prescricións técnicas

OFERTAS	OFERTA SEN IVE	PUNTUACIÓN
VALORIZA	0,12	17,50
MARODRI	15,47	0,14
SAMYL	20,80	0,10
FARO	0,18	11,55
ALMI	18,60	0,11

2.2. Valorarase de 0 a 2,50 puntos a oferta prezo/m² construído a limpar, referido ó período dunha hora, para o caso de limpeza esporádicas, extraordinarias ou puntuais de edificios ou locais

OFERTAS	OFERTA SEN IVE	PUNTUACIÓN
VALORIZA	0,170	1,10
MARODRI	0,270	0,69
SAMYL	0,075	2,50
FARO	10,992	0,02



ALMI	1,157	0,16
------	-------	------

3.1 Días/ano ofertados por riba dos 100 días previstos nos pregos para cada ano do contrato a partir do comenzo da prestación dos servizos.

EMPRESAS	DÍAS	PUNTUACIÓN
VALORIZA	394,00	2,00
MARODRI	46,00	0,23
SAMYL	40,00	0,20
FARO	100,00	0,51
ALMI	10,00	0,05

3.2 Importe /día de substitución de ditas traballadoras por riba dos días ofertados de acordo co apartado 3.1. anterior

EMPRESAS	OFERTA IVE	SEN	PUNTUACIÓN
VALORIZA	67,500		1,54
MARODRI	52,000		2,00
SAMYL	56,000		1,86
FARO	87,603		1,19
ALMI	71,653		1,45

Segunda: a cualificación queda por tanto do seguinte xeito.

EMPRESAS	TOTAL	POSICIÓN
VALORIZA	72,14	1
FARO	62,40	2
SAMYL	53,99	3
MARODRI	51,33	4
ALMI	49,87	5

A continuación e co obxecto de obter as puntuacións totais procedese a sumar estas puntuacións coas obtidas polos licitadores na valoración dos Sobres A *Oferta sobre criterios subxectivos*, realizada segundo os criterios non avaliábeis por cifras ou porcentaxes previstos no apartado 2 da cláusula décima do Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento e establecida no informe emitido polo arquitecto municipal con data do 7 de outubro de 2016, obténdose os seguintes resultados totais:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN SOBRE A	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL	POSICIÓN
Valoriza Facilities, SAU	8	72,14	80,14	1
Limpiezas Faro, SL	4	62,40	66,40	2
SAMYL	6	53,99	59,99	3
Marodri, SL	6	51,33	57,33	4

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Viguesa de Limpiezas Almi, SL	2	49,87	51,87	5
-------------------------------	---	-------	-------	---

Á vista do informe anterior, a Mesa Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir o expediente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato e establecer, de conformidade coa valoración das ofertas realizada e para os efectos do disposto na cláusula 15ª) do Prego, a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas:

1º) Valoriza Facilities, SAU que obtén un total de **80,14 puntos**.

2º) Limpiezas Faro, SL que obtén un total de **66,40 puntos**.

3º) Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, SL (SAMYL) que obtén un total de **59,99 puntos**.

4º) Marodri,SL que obtén un total de **57,33 puntos**.

5º) Viguesa de Limpiezas Almi, SL que obtén un total de **51,87 puntos**.

A Presidencia da por rematado o presente acto, sendo as oito horas e corenta minutos da data fixada no encabezamento, para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.”

Efectuado con data do 24 de outubro de 2016 o requirimento a Valoriza Facilities, SAU, segundo o previsto no art. 151.2 do TRLCSP, a empresa presentou documentación requirida o día 4 de novembro de 2016 que foi remitida á secretaria xeral do Concello e ao interventor municipal para o seu exame.

Lido o informe da Intervención municipal con referencia ASR-.07.11.16.1, de data 7 de novembro de 2016, que consta de cinco páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, consideracións e conclusións.

Xa que logo, **PROPOÑO** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Declarar a validez da licitación efectuada.

Segundo.- Adxudicar o contrato do **Servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela** á **Valoriza Facilities** co CIF núm. **A83709873** e con domicilio en **Paseo de la Castellana, 83-85, 28046 Madrid**, representada por don **Fernando Redondo Rodríguez** co NIF núm. **30400435R**, polo **prazo inicial de catro (4) anos, prorrogable** por outro período de **dous (2) anos**, con suxeición estrita ao Pregos de cláusulas administrativa e de prescricións técnicas, aprobados que rexen neste procedemento, á documentación descriptiva da oferta presentada para a realización de limpeza especiais e da oferta de melloras en xardiñería, ofertadas como melloras sen custo adicional sobre o contrato durante toda

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



a duración do mesmo que inclúen o plan de desratización, desinfección e desinsectación, limpeza de graffitis, limpeza de chicles en pavimentos, esterilización con OZ-UV, loxísitica e reposición diaria de consumibles, limpeza profesional de cortinas e estores, limpeza profesional de alfombras e tapicerías, limpeza e desinfección con vapor, limpeza e desinfección de contenedores de residuos, limpeza de rexillas e condutos de ventilación, limpeza de aceiros e superficies metálicas, limpeza de muros e fachadas, limpeza de exteriores e limpeza de canalóns, melloras nas frecuencias das limpezaas especiais recollidas no Pregos que rexen a licitación, a elaboración dun Plan de mantemento de xardíns, segado de céspede, abonado, aireado, escarificación, escarda, reposición de plantas de temporada, resemanta de céspede, recollida de follas secas en xardíns, mantemento de plantas de interior, polo **prezo total para o primeiro ano de 576.561,98 euros, máis o IVE por importe de 121.078,02 euros, o que fai un total de 697.640,00 euros**, desglosado do seguinte xeito (especificase o importe en euros, IVE incluído, para cada espazo):

ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL:

- A MARISMA : 23.914,67 euros
- SAN PEDRO-CESANTES: 3.985,78 euros
- VENTOSELA: 5.978,67 euros
- CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE REDONDELA – CEP SANTA MARIÑA: 62.787,61 euros

CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

- ALEXANDRE BÓVEDA: 62.787,61 euros
- CEDEIRA: 23.914,67 euros
- IGREXA-CHAPELA : 30.690,49 euros
- LAREDO-CHAPELA : 23.914,67 euros
- OUTEIRO DAS PENAS : 59.299,41 euros
- PORTO CABEIRO : 43.046,40 euros
- QUINTELA : 27.900,44 euros
- SANTO PAIO DE ABAIXO:46.633,60 euros
- CENTRO DE SAÚDE DE CHAPELA: 36.277,28 euros
- MULTIUSOS DE CHAPELA : 22.001,49 euros
- MULTIUSOS DE REDONDELA : 36.277,28 euros
- CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE REDONDELA: 19.533,92 euros
- CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE REDONDELA: 4.782,93 euros
- LOCAL DE ENSAIO AVDA. MENDIÑO (LOCAL PARTICIPACIÓ CIDADÁ): 1.889,26 euros



- DEPENDENCIAS DE POLICÍA LOCAL DE REDONDELA: 13.952,80 euros
- OFICINA DE SERVIZOS SOCIAIS E VESTIARIOS DE XARDIÑEIRO DE CHAPELA: 12.435,63 euros
- BAÑOS E VESTIARIOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CHAPELA: 9.565,87 euros
- BAÑOS E VESTIARIOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REDONDELA: 9.565,87 euros
- VESTIARIOS E BAÑOS ALMACÉN MUNICIPAL VIAS E OBRAS: 9.565,87 euros
- MERCADO DE ABASTOS DE REDONDELA: 869,62 euros
- MERCADO DE ABASTOS DE CHAPELA : 869,62 euros
- AULA CEMIT DE CHAPELA: 4.723,15 euros
- MUSEO MEIRANDE DE RANDE: 3.348,05 euros
- SEDE PROTECCIÓN CIVIL DE REDONDELA / GRUMIR: 1.913,17 euros
- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA MARISMA: 9.565,87 euros
- PAVILLÓN MUNICIPAL DE REBORDA: 4.782,93 euros
- PAVILLÓN MUNICIPAL DE PORTO CABEIRO: 9.565,87 euros
- EDIFICIO DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO: 4.782,93 euros
- MANTEMENTO RECINTO DO COLEXIO DE TRASMAÑÓ (CEIP): 944,63 euros
- CASSETAS DE USO TEMPORAL: (Oficina de Turismo, casetas de salvamento das praias do Concello, así como baños públicos): 1.430,16 euros
- COMPLEXO DEPORTIVO SANTA MARIÑA: 56.720,00 euros
- INSTALACIÓN, RETIRADA E REPOSICIÓN PERIÓDICA CONTEDORES HIXIÉNICOS SANITARIOS : 780,00 euros

A presente contrato adxudicase de acordo cos restantes termos e prezos contidos na oferta do adxudicatario para os inmobles que se decida incluír no contrato, para a realización de limpeza esporádicas, extraordinarias ou puntuais, para a substitución das dúas traballadoras de limpeza incluídas no cadro de persoal do Concello e para a incorporación/eliminación de contedores hixiénicos sanitarios que son os que se transcriben a continuación:

“- O prezo ofertado para limpeza por metro cadrado para inmobles que se decida incluír no contrato por parte do Concello é, para o primeiro ano do contrato, de 0,12 euros/m² construído.

- Un prezo de 0,17 euros m²/hora para o primeiro ano do contrato e para a realización de limpeza esporádicas, extraordinarias ou puntuais.

- 394 días/ano a máis dos 100 días previstos nos pregos para substituír as dúas traballadoras de limpeza incluídas no cadro de persoal do Concello, aclarando que se calcula que 494 días é o máximo que dúas traballadoras poden ausentarse do traballo (247 días laborables por traballadora) e que o restar a esta cifra os 100 días esixidos no Prego son 394 o máximo número de días que poden substituír ás traballadoras.

- Un prezo/día para substituír ás anteriores por riba dos días ofertados no apartado anterior de 67,50 euros/día/traballadora .

Concello de Redondela



- Para o caso de incorporación/eliminación de contedores hixiénicos sanitarios un prezo de 2,00 euros por cada contedor.”

Os prezos de adxudicación deste contrato enténdense que son os ofertados de acordo coas aclaracións realizadas pola empresa adxudicataria que se transcriben a continuación:

“

- Apartado 2: o prezo ofertado para a limpeza por m2 construídos para os novos inmobles incluídos no contrato por parte do Concello, durante o primeiro ano do contrato, é sen IVE.
- Apartado 3: o prezo ofertado polo primeiro ano do contrato e para a realización de limpeza esporádicas, ocasionais ou extraordinarias, é sen IVE.
- Apartado 5: o prezo/día ofertado para substituír aos traballadores de limpeza incluídos no cadro de personal do Concello por riba dos días no número 4 da proposición, é sen IVE.
- Apartado 6: o prezo ofertado polos recipientes hixiénicos non inclúe IVE. Igualmente, manifestar que o período ao que se refire o prezo ofertado é mensual.”

Terceiro.- As **obrigas económicas** que se deriven do contrato no ano 2016 financiaranse con cargo á aplicación **3231A/22700** do orzamento do Concello, comprometéndose a dotar adecuadamente as aplicacións que correspondan dos estados de gastos dos orzamentos do Concello dos anos sucesivos para facer fronte as obrigas derivadas deste contrato.

Cuarto.- Designar como **responsable do contrato**, coas máis amplas facultades de dirección, o **encargado municipal de Vías e Obras** don Germán Grande Prol.

Quinto.- Seguindo as disposicións do art. 151 do TRLCSP **notificarlle esta adxudicación a todos os licitadores e publicala no perfil do contratante** do Concello de Redondela.

Sexto.- A **formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que percorran quince (15) días hábiles a contar dende a data de notificación da adxudicación** do contrato aos licitadores. De acordo co establecido no art. 154 do TRLCSP, a formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, no *Diario Oficial da Unión Europea*, no *Boletín Oficial do Estado* e no *Boletín Oficial da Provincia* nun prazo non superior a corenta e oito días a contar dende a data de formalización.

Sétimo.- Seralle de aplicación á presente adxudicación o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e a demais normativa legal de aplicación, quedando sometido o adxudicatario para tratar as cuestións derivadas da adxudicación á xurisdición do domicilio do Concello de Redondela”.

A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria, acorda informar favorablemente a proposta, co voto favorable do PP e a abstención do PSdG-PSOE e AER.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a proposta indica irresponsabilidade polo

Concello de Redondela



equipo de goberno que foi retrasando os prazos para a tramitación deste contrato e ao final hai que tomar decisións precipitadas. Dí tamén que certifícase a privatización dos servizos que, como este, poderían ser remunicipalizados e asumidos directamente polo Concello de xeito que as condicións laborais das traballadoras ían a mellorar. Propoñen á oposición que vote en contra para forzar a que se proceda a municipalizar os servizos xa que considera que con esta adxudicación non se vai a dar un bo servizo. Como nacionalista indica que non debe primarse a empresas de fora de Galicia.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo co voceiro do BNG e que isto se trae con moita presa e a última hora pero despois se apela á responsabilidade. E como mostra sinala que o informe de intervención se colgou onte. Afirma que están fartos da forma de actuar do equipo de goberno polo que van a votar en contra. Están tamén a favor da remunicipalización dos servizos.

O Alcalde di que non é certo que o informe de intervención se colgara onte senón que xa estaba cando se convocou a comisión, cousa que confirman o interventor e a secretaria.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o Alcalde convoca os plenos cando lle convén xa que hai tempo que pediron un pleno para debatir mocións que están pendentes dende febreiro e non o convoca. Sinala que teñen moitas dúbidas con respecto á empresa que entre outras cousas, non é de aquí. Ao respecto refírese a algúns dos prezos que figuran na oferta da empresa que se propón como adxudicataria e que lle parecen contradictorios.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o que se trae aquí é a adxudicación do contrato e que este foi un proceso de meses polo que tiveron tempo de sobra para examinalo e prantexar todas as dúbidas, polo que non entende a postura da oposición. Sinala que o servizo se privatizou cando o BNG estaba no goberno e non sabe de queixas do voceiro deste grupo pola prestación de dito servizo. Considera que o nacionalismo non ten que ver con que calquer empresa teña dereito a traballar en calquer espacio do territorio europeo e que a actuación de dito voceiro deixa moito que desexar. Sinala que teñen que prestar obrigatoriamente o servizo e sería unha irresponsabilidade non facelo. Pide á oposición que non fale por falar.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO insiste nas dúbidas que suscita o feito de que empresas privadas xestionen servizos públicos tal e como amosan os números que presentan as propias empresas. Considera que o Concello pode xestionar estes servizos. Indica que no contrato anterior había cláusulas sociais e no de agora non.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non está de acordo coa privatización e a voceira do PP é demagóxica. Sinala que teñen claro que as empresas van a gañar cartos aínda que admite que pode ser complicado volver atrás e alégranse de que o BNG o faga.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que parécelle importante que se saiba exactamente canto se gasta en cada edificio municipal e por outra banda, non cree que vaian a facer todo o que figura no contrato. Indica que van a votar en contra.



A concelleira AMOEDO DASILVA di que non entende os motivos do voceiro socialista para votar en contra e os seus argumentos tendo en conta que foi o candidato á Alcaldía. Sinala que o expediente ten todas as garantías legais e procedimentais e o señor Reguera é capaz de deixar ao Concello sen empresa que faga o servizo tendo en conta que Almi vai a deixar de prestalo próximamente. Dí que queren gobernar dende a oposición e non lle parece de recibo querer reventar unha cuestión tan importante como esta sen motivo que xustifique o seu voto en contra. Parécelle unha cuestión de grave irresponsabilidade.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido no ditame:

Resulta en primeira votación un empate, sendo 9 votos a favor (9 do PP) e 9 votos en contra (6 do PSdeG-PSOE, 2 de AER, 1 do BNG).

Repetida a votación co mesmo resultado, a proposta é aprobada polo voto de calidade do Alcalde-Presidente.

E sendo as catorce horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-